



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



# CAMPIONATO OPEN AUTONÓMICO CORCHEO MAR DÚOS

Este Campionato está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cástring, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación na Coruña, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

A Competición rexerese polo Regulamento de Competicións de Pesca Deportiva e Cástring da FEPeC.

## Lugar e Data:

Desenvolverase no Dique Barrié, porto da Coruña, A Coruña, o 25 de abril de 2021.

## Lugar de concentración:

A concentración dos participantes terá lugar no propio escenario ás 8,00 horas.

## BASES

**Xurado:** A súa composición farase pública na reunión de Delegados para o Sorteio.

**Mangas:** Desenvolverase en **dúas mangas** de **tres horas** de duración cada unha delas. Tanto o inicio como o final de cada manga será indicado con sinais adecuadas.

**Capturas:** Os exemplares presentados á pesaxe aos que, polo menos, lles falte un centímetro para acadar a talla mínima legal, contarán coma penalización que será a equivalente ao peso deses exemplares.

## Normas de Desenvolvemento

Despois do aviso de fin da manga o deportista que teña unha peza cravada, para que esta sexa considerada como válida, disporá dun tempo máximo de 10 minutos para traballala e sacala da auga.



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



Os Deportistas agardarán á pesaxe nos seus postos.

Nesta competición é obrigatorio o uso dun redello que permita manter vivas ás capturas ata a súa pesaxe.

### **Normas de Comportamento:**

Unha vez nos postos, e antes do inicio da Manga, autorízanse lances de proba para medir a profundidade do posto, sempre e cando o anzol estea desprovisto de cebo.

### **Material Deportivo**

**Canas:** Nesta especialidade de Corcheo mar só se autoriza ter en acción de pesca unha cana, con ou sen carrete, dunha lonxitude máxima de oito metros e cun mínimo de catro anelas. Podendo ter outras máis de reserva, xa montadas, das mesmas características.

**Lastre:** Nas competicións de corcheo cómpre que o lastre non pouse no fondo, o seu peso, segundo o arbitrio e prudencia de cadaquén, terá relación co tamaño do flotador usado en cada momento.

**Flotadores:** De uso obrigatorio, fixos ou corredizos, deberán soportar como mínimo o peso do lastre e do cebo. A súa fixación á liña é libre.

**Anzois:** Non poderán ser de medida inferior a 12 mm. de largo e 5 mm. de anchura.

**Cebos:** Libre.

**Engodo:** Máximo 17 litros por manga

Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á desclasificación do deportista.

## **PROGRAMA**

08,00 Acollida dos deportistas. Control individual da temperatura.

08,30 Sorteo.

09,00 Entrada nos postos



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



10,00 Inicio da Primeira Manga.

13,00 Fin da primeira Manga, Pesaxe e troco de postos.

### DESCANSO

14,00 Inicio segunda Manga.

17,00 Fin da competición. Pesaxe. Publicación de clasificacións e entrega de premios.

### CLASIFICACIÓN POR DÚOS

Segue idénticos criterios que para a clasificación de corcheo mar individual. Coa singularidade de que pescan os dous compoñentes do dúo no mesmo posto e que se pesarán conxuntamente as capturas dos dous deportistas.

Os dúos integrantes da selección galega 2021 desta especialidade, serán designados polo Comité de Mar Costa entre os participantes que figuren na clasificación final.

**Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.**

O importe da inscrición é de 40.- € por dúo que deberán ingresarse na conta da FGPeC **ES34 2080 0176 9630 4001 0672**. As inscricións deberán facerse exclusivamente ao correo [delegadocoruna@fgpesca.org](mailto:delegadocoruna@fgpesca.org) acompañadas do xustificante do ingreso, ata a data linde do 12/04/2021. Para inscribirse, tanto os deportistas coma os clubs polos que compitan, deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting

Por mor da actual crise sanitaria a organización non entregará, nin fará servir, ningunha clase de comida nin bebida aos participantes. Cada participante deberá traer as súas propias bebidas e comidas debidamente identificadas. Prégase consultar na páxina web da Federación o Protocolo Covid-19 ([www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org))

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma.

**Para que esta competición se desenvolva deberá haber unha participación de coma mínimo 10 dúos.**



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



O escenario da competición dividirase en tres sectores (A, B e C). No caso de haber máis dun dúo por club, o sorteo farase de maneira dirixida para que, na medida do posible, queden equitativamente repartidos en cada sector.

A capacidade do escenario quedou establecida en 24 dúos.

Para esta competición o responsable do protocolo COVID-19 será o Delegado Provincial da Federación Galega de Pesca na Coruña, D. Ramón Castro Varela, tlf 670907902

**NOTA IMPORTANTE:** No sorteo só poderán estar presentes 2 representantes dos deportistas inscritos (que serán nomeados polos propios deportistas vía grupo de wassap creado para esta competición) e 2 membros da organización (total 4 persoas).

Estas 4 persoas serán tamén as únicas que poderán estar presentes na pesaxe, ademais do xuíz, que se manterá afastado e intervirá só en caso de dúbida.

O uso da mascariña é obrigatorio ao longo de toda a proba.

As clasificacións publicaranse polo grupo de wassap.

Os trofeos depositaranse nun lugar no que os gañadores os irán recollendo eles mesmos.

É imperativo que unha vez rematada a competición, mentres esteamos á espera da clasificación e entrega de premios, usemos a mascariña en todo momento, teñamos as mans desinfectadas, non ocupemos espazos pechados e manteñamos a distancia de seguridade.

Que poidamos seguir desenvolvendo a nosa actividade con seguridade tamén depende de todos nós.

**Asdo. D. Pedro Bolaño Pérez**  
**Presidente do Comité de Mar Costa da FGPeC**